

PROXECTO EDUCATIVO

DO I.E.S. DE GUITIRIZ

PROXECTO EDUCATIVO

DO
I.E.S. DE GUITIRIZ

OUTUBRO - 2002

PREÁMBULO

Hai un certo acordo en considerar ó PEC coma síntese da proposta educativa que fai a Comunidade Educativa. A través do cal delimítase unha visión sobre a educación que se pretende e o instituto que se desexa, sendo, neste sentido, necesariamente consensuado, prospectivo, directivo e referencial para a acción, singular propia e particular de cada centro.

Todo centro educativo desenvolve, de feito, un proxecto educativo. En cada institución e en cada aula dase un estilo de convivencia, de organización interna, de formas de traballo, de criterios éticos, etc.; elementos todos eles que respontan (sexa dunha maneira consciente ou non) a uns valores, a uns obxectivos que son os que o PEC quere explicitar. En algúns casos estará claramente explicitado; noutros, está suficientemente definido pola práctica coherente e coordinada; pero nun número importante de centros, entre os que se inclúe o noso, está en proceso de elaboración e recolle as contradicións e disfuncións que, a miúdo, a práctica conleva.

O PEC, como conxunto coherente de declaracións destinadas a dirixir un proceso de intervención educativa, tería que combina-los plantexamentos xerais que orientan a acción cos plantexamentos específicos que facilitan a intervención e a súa evolución.

A conexión do PEC co contexto, caracterizado como o conxunto de elementos condicionantes, potenciadores ou limitadores da organización escolar, é evidente. A análise do contexto implica a avaliación diagnóstica de aspectos como: lexislación, entorno socioeconómico e cultural próximos, tipoloxía e características do centro.

Establecer a partir da análise contextual o mapa de necesidades e o conxunto de problemas a que debe dar resposta os centro educativo é unha forma de explicitar supostos de partida: ¿de que centro se trata?, ¿que pretende?, ¿con que normas e organización ensina?, etc. e unha maneira de facilitar a toma de decisións institucional.

Por outro banda, a avaliación dos centros educativos no é unha tarefa fácil, xa que son organizacións moi complexas, que se resisten a proceso analíticos e que requiren ser abordados desde plantexamenteos contextuais nos que se contemplan tódolos factores que condicionan a súa actividade e resultados.

En síntese, o modelo dese_ado neste proxecto educativo:

- a) Considera o Instituto coma unha organización natural e aberta.
- b) Considera ó Instituto coma un sistema integrado por dimensións que interactúan.
- c) Avalía, fundamentalmente seis dimensións:
 - entorno
 - infraestrutura
 - estrutura
 - función
 - clima
 - resultados

d) Usa como criterios de avaliación:

- a calidade
- a eficacia
- a eficiencia
- a satisfacción
- os prestixio

e) Organiza e suministra indicadores para a recollida e valoración da información.

f) Diríxese a diversas audiencias:

- profesores
- alumnos, presentes e futuros
- pais, presentes e futuros
- Administración educativa
- a sociedade, en xeral

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO.

O Instituto de Educación Secundaria (I.E.S.) de Guitiriz é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con código de Centro n_ 27016200.

Enderezo: Rúa Xermade, s/n
27300 Guitiriz
Teléfono: 982 370026
Fax: 982 370462

O I.E.S. de Guitiriz foi creado, mediante orde publicada no Diario Oficial de Galicia, con efectos do día 1 de xullo de 1989, resultado da fusión dunha Sección de Formación Profesional (dependente do Instituto Politécnico de Lugo) e un Instituto Homologado de Bacharelato.

Durante o seu primeiro curso académico de funcionamento, 1989-1990, tivo o seu enderezo oficial na rúa Xeral Franco n_ 42, onde funcionara máis de 10 anos a Sección de FP, aínda que utilizou tamén os locais do Homologado e parte da Casa do Concello. O número de alumnos matriculados escasamente superaba os 200 e o Claustro compoñíase de 13 profesores.

O día 1 de outubro de 1990 estrenou a súa actual ubicación, mantendo un sostido e importante crecemento anual do nº de alumnos e profesores, ata acadarse no curso 98-99 a cifra de 490 e 46, respectivamente.

DESCRIPCIÓN DO ENTORNO.

O I.E.S. está situado na vila de Guitiriz, capital do concello do mesmo nome, localidade duns 2.000 habitantes, sendo a poboación total do concello de aproximadamente 6.500 habitantes e unha extensión de 278 quilómetros cadrados.

Este concello ten por límites, ó Norte, os concellos de Monfero (A Coruña) e Xermade (Lugo); ó Leste, os de Vilalba e Begonte (Lugo); ó Sur, o de Friol (Lugo) e ó Oeste, os de Sobrado, Curtis e Aranga (A Coruña).

Componse o concello de 18 parroquias e 308 entidades de poboación, o que da unha idea da diseminación do alumnado e da dimensión e complexidade do servizo de transporte escolar.

A actual denominación do concello data de 1945. Ata ese ano chamábase de Trasparga e incluso a capitalidade e recente xa que a vila de Guitiriz non acolleu a casa do concello ata 1928.

Xeográficamente este concello disfruta dunha situación estratéxica froito da súa centralidade e das importantes vías de comunicación que o atravesan, o que lle permite situarse a tiro de pedra de cidades como Santiago, A Coruña e Lugo.

Esta situación estratéxica é compensada, de xeito negativo, por outros factores como o descenso demográfico e a perda da puxanza da vila capital do concello, por mor da apertura da autovía e práctica desaparición do turismo de interior e termal, o peche de Sidegasa, etc.

Hoxe en día a estrutura socioeconómica do concello de Guitiriz pode responder ó seguinte esquema:

Sector Primario baseado fundamentalmente na gandería e na madeira. Cos seguintes restos:

- _ Política de protección contra incendios e repoboacións apropiadas,
- _ Fomento do cooperativismo para unha mellor comercialización dos produtos e unha maior rentabilidade económica das explotacións,
- _ Mellora das infraestructuras eléctricas, de vital importancia nas explotacións gandeiras,
- _ Orientación a produción cárnica, debido ás cuotas e baixo precio do leite,
- _ Rebaixa-la media de idade da man de obra neste sector e incrementa-la súa formación profesional.

Sector secundario baseado fundamentalmente na explotación de canteiras, cerámica, madeira e materiais de construción. Cos seguintes retos:

- _ Acadar unha mellor dimensión que as faga competitivas no seu entorno xeográfico máis próximo;
- _ Obte-lo ciclo completo do produto e non quedándose como ata agora, e salvo excepcións, nos primeiros pasos do proceso productivo;
- _ Maior diversificación fomentando a instalación de novas industrias;
- _ Conseguir que o proxecto do parque empresarial sexa unha realidade con axudas a inversión;
- _ Fomento da artesanía nalgúns produtos, promocionando a comercialización mediante feiras;
- _ Aproveita-la vantaxe do Concello en canto ás infraestructuras de comunicacións.

Sector terciario baseado fundamentalmente na hostelería, no pequeno comercio e no turismo. Cos seguintes retos:

- _ Reapertura do Hotel Balneario de San Xoán como referencia turística de primeira orde;
- _ Fomento do turismo rural, sinalizando e dotando de servizos básicos as rutas de maior valor paisaxístico;
- _ Converte-la vila de Guitiriz nunha área de servizos da futura autovía do Noreste, dada a súa situación equidistante das dúas capitais de provincia e a proximidade a dous aeroportos.

En canto a asociacións culturais a máis importante é a de *Xermolos*, que nos anos da súa fundación, aló polo 76-77, foi chamada *Raíces de ca_otos*..

A comezos dos 80 creouse a sección *Xermolos*, que foi o nome que prevaleceu. Trátase dunha asociación cultural que dá acollida a tódalas parroquias do concello. A súa sede está na Aula de Cultura, ó pé do local de Caixa Galicia, na capital do concello, onde conta con biblioteca e despois conta con outros locais, aínda que non de seu, adicados á música, danza, debuxo e teatro. Durante o verán organiza o Agosto Cultural, onde hai mostras de pintura, escultura, fotografía, música, artesanía... e o famoso Festival de Pardi_ as de renome internacional.

En termos xerais, pódese dicir que promove actos culturais de toda índole, audicións musicais, exposicións, conferencias, proxeccións, grupos de teatro e danza, etc.

Na Poboia de Parga existe unha Asociación de Veci_ os co_ ecida como *Raxeira* de máis recente implantación e tamén cun marcado interese cultural.

TIPOLOXÍA FAMILIAR.

A familia tipo dos nosos alumnos reside nunha pequena aldea do concello e está composta polo pai e a nai, dous fillos e un ascendente xubilado, que convive con eles. Dispoñen de vivenda en propiedade, na cal os fillos teñen acceso a un cuarto axeitado e independente para o estudo.

O pai, de 45 anos de idade, posúe estudos primarios rematados e traballa, repartíndose practicamente por igual a porcentaxe como agricultor ou gandeiro; como comerciante ou traballador autónomo; como asalariado.

A nai, de 41 anos de idade, posúe estudos primarios rematados e adícase as labours do fogar e complementariamente a tarefas agrícolas ou gandeiras.

O desemprego, o pluriemprego e os fillos becados non reflexan desviacións importantes respecto á media provincial e autonómica.

O galego é a lingua vehicular entre tódolos membros da familia; a biblioteca familiar componse practicamente por igual, de libros de consulta e entretemento; lense os xornais de xeito ocasional e carécese de ordenador na casa.

A participación en actividades culturais é escasa, sendo afeccións compartidas polos membros da familia, viaxar e o cine.

Existe, por parte dos pais, coñecemento do horario e das tarefas escolares dos seus fillos, tendo, en xeral, unha boa opinión dos profesores. Entrevístanse cos titores un par de veces ó ano e unha vez co resto dos profesores, sendo moito máis frecuentes as entrevistas por citación que por iniciativa propia.

Os motivos polo que elixen o I.E.S. de Guitiriz para estudar os seus fillos son, por esta orde:

- A proximidade
- O horario
- Resultados académicos posteriores.

O índice de afiliación a APA ronda o 50% e a participación nas votacións ó Consello Escolar escasamente chega ó 10%. Calquera dos dous datos anteriores son realmente preocupantes e débense arbitrar medidas neste proxecto para fomentar a participación colectiva na educación dos fillos.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

Non é posible, dada a disparidade de idades (12-20 anos), dise_a-lo retrato do alumno/a tipo, polo que vamos ter en conta, exclusivamente, aqueles aspectos nos que a idade non representa un peso específico importante.

O alumnado ten como lingua vehicular o galego, colabora nas tarefas da casa e, no seu caso, agrícolas, sendo as súas afeccións a música, facer deporte, a televisión e os videoxogos e divertirse cos amigos.

Para chegar o I.E.S. utiliza o transporte escolar empregando 30 minutos no seu desprazamento. Este dato débese tomar exclusivamente como media aritmética xa que a procedencia do alumnado e a súa dispersión danos unha idea da dificultade do cálculo:

- Vila de Guitiriz 20 % do alumnado
- Vila de Parga 10 % do alumnado
- Zona rural do concello de Guitiriz 60 % do alumnado
- Zona rural do concello de Aranga 10 % do alumnado.

Síntese orgulloso de pertencer ó Centro, e valora fundamentalmente a relación cos compa_eiros, adquisición de co_ecementos e obter boas cualificacións, deixando nun segundo plano a relación cos profesores e a participación en actividades extraescolares.

É capaz de aprender, respondendo o ensino, en parte, ós seus intereses e necesidades pero non aproveita o máximo o tempo de clase, considerando, pola contra, que a xornada escolar é suficiente para aprender todo o proposto.

Pensa que as cualificacións son xustas e que os profesores danse conta antes cando estudias pouco que cando estudias moito. Non estudia o mesmo, dependendo máis da esixencia do profesor que da dificultade da materia e ten a percepción de que non tódolos profesores avalían do mesmo xeito.

CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO.

No curso 2002-2003 o profesorado con destino definitivo no Centro alcanza a cifra de 37 persoas e representará o 75% do total do Claustro.

Predominan, moi notablemente, o sexo feminino, a idade entre 35 e 45 anos, a residencia nas cidades de Lugo e A Coruña, a antigüidade no Centro de 5 ou 6 anos e o baixo índice de absentismo laboral.

Tendo en conta os datos anteriores e as dificultades de traslado, a estabilidade do equipo docente do Centro parece asegurada, o que, á marxe de situacións persoais e familiares concretas, debe entenderse como un valor engadido e enriquecedor para o conxunto dos membros da Comunidade Educativa do I.E.S..

A formación académica inicial, o sentido da responsabilidade e a experiencia profesional deste equipo docente deben ser unha garantía dos fins e obxectivos que mais adiante se plasmarán neste Proxecto Educativo.

O exposto anteriormente non quere dicir que o profesorado non sexa crítico co marco da súa actuación educativa, e aspectos como a coordinación, o interese pola renovación pedagóxica, a disciplina, o aproveitamento didáctico do entorno e das novas tecnoloxías, a reciclaxe profesional organizada no propio Centro, a colaboración e comunicacións coas familias, etc. son manifestamente mellorables.

PERSOAL NON DOCENTE.

Están integrados na plantilla deste Centro unha auxiliar administrativa e dous subalternos, os tres con destino definitivo, así como dúas limpadoras.

A importancia da súa función, aínda que resulte paradóxico, ponse de manifesto cando por calquera circunstancia están ausentes do seu traballo.

INFRAESTRUCTURA DO CENTRO E RECURSOS MATERIAIS.

O Instituto consta de dous edificios: un deles no que se atopan a totalidade das dependencias administrativas e docentes, ó que chamaremos en adiante edificio principal, e outro edificio que acolle o ximnasio e aula de música.

A superficie construída é de 3.900 metros cadrados distribuídos como segue:

_ Edificio principal, que consta de tres plantas, 3.450 metros cadrados.

_ Ximnasio con 350 metros cadrados, incluíndo vestiarios, almacén e despacho. Na planta primeira deste mesmo edificio está a aula de Música.

Cóntase tamén cunha pista polideportiva cuberta dunha superficie aproximada de 1.100 metros cadrados.

A planta baixa do edificio principal consta de sala de profesores, sala de xuntas, catro despachos, conserxería (inclúe reprografía), tres locais para departamentos, secretaría, sala de caldeiras, aseos de profesores, cafetería, aula de tecnoloxía, aula de debuxo, taller, aseos e biblioteca.

A planta primeira consta de laboratorio de Física e Química, aula de informática de xestión e polivalente de ciclos formativos, departamento de Xeografía e Historia, catro aulas pequenas, catro aulas grandes, dous grupos de aseos, departamento de orientación e salón de actos.

A planta segunda consta de laboratorio de Ciencias Naturais, departamento de Administrativo, cinco aulas pequenas, aula de pedagogía terapéutica, dous grupos de aseos, seis aulas grandes e sala de audiovisuais.

O aparello elevador situado na metade da zona dereita do edificio principal dá acceso a tódalas plantas do edificio e está equipado con porta antilume. A sala de máquinas sitúase no faiado.

No recinto interior do Centro hai aparcamentos para vehículos no lateral sur do edificio do ximnasio, na entrada do edificio principal e no lateral oeste, continuando por este lateral unha vía interior de 3,5 metros de calzada hasta o depósito do gasoil da calefacción, situado na parte traseira oeste do edificio principal.

Respecto do material de todo tipo que alberga o edificio do Centro cabe distinguir as seguintes seccións:

- **Mobiliario:** terá a localización que corresponda segundo a súa función e as necesidades de cada espacio.

- **Material de aulas específicas:** estes equipos esixen un destino e ubicación concreta, se ben de ningún xeito se debe interpretar como de utilización exclusiva de forma que os contidos curriculares que así o esixan poidan contar cos medios dispo_ibles e conseguir unha optimización dos recursos.

- **Equipos de administración e xestión:** estarán ubicados en calquera lugar do Centro onde se realicen labores de xestión académica, económica, de alumnado, etc..

- **Material de uso común:** o feito de que os recursos sexan escasos obriga a compartir certo tipo de equipos e materiais de alto custo unitario e doado transporte como retroproectores, radio cassetes, proxectores ... etc. A actuación referente a estes medios será a de compartilos dun xeito organizado e en ningún caso terán un destino ou ubicación concreta.

- **Dotación dos Departamentos:** no I.E.S. de Guitiriz os Departamentos constitúense en unidades autónomas de gasto respecto do seu presuposto, xestionando o seu inventario e establecendo as pautas para a súa utilización.

- **Fondos bibliográficos, material audiovisual e aplicacións informáticas:** o destino deste material pode se-la biblioteca do Centro, biblioteca da aula, Departamentos ou aulas específicas; aplicándose as normas de utilización anteriores segundo a súa ubicación.

PRINCIPIOS DE IDENTIDADE.

O I.E.S. de Guitiriz, de acordo cos ámbitos culturais e educativos que lle son propios, constitúese como unha institución que, atenta ás necesidades e intereses sociais do seu entorno, contribúa, mediante a formación dos seus alumnos ó progreso e mellora do Concello e da Comarca á que estes pertencen; facendo que se interesen pola súa terra, coñecendo e sabendo apreciar a súa cultura, tradicións e valores, e implicándose nos problemas do contexto social e cultural no que viven.

O I.E.S. de Guitiriz comprométese a educar ós seus alumnos/as nun exercicio responsable da súa liberdade, para que responsablemente elixan as súas propias opcións, actúen de acordo con elas e acepten e valoren as súas consecuencias; o que poderá guialos cara a súa madurez persoal, cara a consecución dun concepto positivo de si mesmos e cara á consideración dos valores humanos e da mesma vida. Todo isto na crenza de que á madurez chégase desde a propia autonomía, mediante o compromiso e esforzo persoais, e mediante a crítica e valoración do mundo que nos rodea.

O I.E.S. de Guitiriz comprométese tamén a educar en e para a tolerancia, a solidariedade e a convivencia social, a paz e a igualdade; fomentando nos seus alumnos actitudes de diálogo, de respecto mutuo e de respecto para con tódolos pobos e culturas, facendo que coñezan e valoren dereitos e liberdades fundamentais presentes na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Constitución Española e Estatuto de Autonomía, e procurando que participen democraticamente na convivencia e relacións diarias.

A educación é unha tarefa conxunta e compartida por toda a comunidade educativa. Neste sentido, o I.E.S. de Guitiriz identifícase coas seguintes notas de identidade:

1.- ACONFESIONALIDADE

Neste Centro manifestamos o noso respecto ás diversas crenzas relixiosas. Defendemos a liberdade de todo membro da comunidade escolar a crer, declarar e practicar a súa opción de pensamento, sexa relixiosa ou non.

2.- LINGUA DE APRENDIZAXE

Con obxecto de normalizar o uso da lingua galega, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios, declarámola lingua oficial do centro e procúrase que esta sexa cada vez máis a lingua ambiental, vehicular e de ensino.

3.- INTERACCIÓN CO MEDIO

O Centro permanecerá aberto á comunidade que o rodea establecendo unha interacción medio social-centro educativo. A institución escolar debe introducir ós alumnos na realidade social, natural, histórica, lingüística e económica do seu entorno, proporcionando unha valoración axeitada e próxima do seu patrimonio cultural de cara a unha galeguización do ensino.

4.- LI_A METODOLÓXICA

Practicaremos unha metodoloxía activa, fomentando no alumno unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante o TRABALLO individual e colectivo se convertirá na base da súa formación e o capacite para APRENDER Á APRENDER.

O labor educativo e disciplinario deste centro basearase no respecto mutuo, na responsabilidade, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

Desenvolveremos o espírito crítico, a capacidade de discusión, de decisión e a vontade colectiva de transformación da realidade social.

Estas directrices metodolóxicas concréntanse nos principios seguintes.

5.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

· CONSTRUCTIVISMO

Promovendo a participación activa do alumnado na adquisición dos co_ecementos partindo dos co_ecementos previos e das características psicolóxicas propias da súa idade.

· FUNCIONALIDADE

As aprendizaxes deberán servirle ó alumno para ser aplicadas en situacións e lugares distintos ós escolares.

Un ensino funcional está en íntima relación cun ensino significativo e constructivo, de tal xeito que dificilmente podemos conseguilo se a aprendizaxe propugnada non ten un carácter significativo, e o alumno non é o propio “constructor” dos mesmos.

· SIGNIFICATIVIDADE

Intentamos erradicar a aprendizaxe repetitiva, mecánica e memorística, tratando de conectar as actividades coas aprendizaxes previas do alumno para que sirvan de unión ós novos co_ecementos.

· INTERACTIVIDADE

O/a alumno/a aprende en relación co profesor e cos compa_eiros cos que

establece unhas relacións de igualdade que favorecen interaccións tanto afectivas como cognitivas; así pois debemos promover situacións de interaccións que favorezan a aprendizaxe.

· GLOBALIDADE E/OU INTERDISCIPLINARIEDADE

A realidade é sempre de carácter unitario polo que non permite a parcialización que admite o co_ecemento; por iso tentaremos implicar varias áreas, materias ou disciplinas para chegar á análise dos distintos co_ecementos dende unha perspectiva multidisciplinar.

· MEDIANDO NAS APRENDIZAXES

O labor docente debe ser o de facilitador ou director das aprendizaxes en coherencia cos principios antes expostos. O profesor/a non debe ser un elemento pasivo senón que é preciso que interactúe cos seus alumnos de xeito permanente.

6.- PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

Neste Centro defendemos o pluralismo na medida en que non hai que excluír a ninguén a causa da súa procedencia, relixión, ideoloxía ou nivel económico; e tamén porque ha de capacitar ós alumnos para vivir nunha sociedade que é plural e onde debe respetarse ós demais.

Igualmente, transmitiremos os valores básicos dunha sociedade democrática: o respecto cara os demais e cara un mesmo, o sentido da liberdade ligado ó da responsabilidade, a solidariedade, o gusto polo traballo ben feito; e motivaremos ós alumnos/as a participar na mellora desa sociedade.

7.- COEDUCACIÓN

Traballaremos na eliminación da discriminación sexista e na superación dos mitos, tabús e diferenciación de roles entre home e muller.

8.- XESTIÓN INSTITUCIONAL DEMOCRÁTICA

A idea dun centro democrático implica a necesidade dunha participación real e efectiva de todos os estamentos que o compo_en na súa xestión por medio dos representantes elixidos por cada un deses estamentos.

OBXECTIVOS XERAIS DO I.E.S. DE GUITIRIZ.

O I.E.S. de Guitiriz é un centro financiado con fondos públicos, polo que o obxectivo primordial é a educación na liberdade, no pluralismo e na tolerancia e orientarémonos á consecución dos fins e acatamento dos principios establecidos na LODE, na LOXSE e na LOPAG, **pretendendo:**

1.- Un centro que parta do co_ecemento do medio físico e social máis próximo, a Comarca da Terra Chá, para analiza-lo criticamente co fin de promove-los cambios que contribúan a melloralo.

2.- Un centro para todos, *solidario e integrador*, que non estableza diferencias por razón de sexo, raza, relixión, riqueza, etc., e que busque a máxima integración de todos na sociedade.

3.- Un centro que acepte as diferencias individuais de carácter xenético ou social, e que sexa capaz de compensalas, dando máis ós que menos te_en para facer posible a igualdade de oportunidades.

4.- Un centro *participativo, democrático e pluralista*, no que todos poidan intervir na consolidación dun proxecto educativo mediante *un diálogo permanente*.

5.- Unha escola crítica e *comprometida na defensa dos máis débiles, rexeitando a inxustiza, as desigualdades o deterioro do medio* etc., e que fomente as amizades e o respecto.

6.- Un centro *activo, creativo*, que se fundamente na observación, na experimentación e na sistematización das experiencias dos alumnos/as dentro e fora do ámbito escolar, *superando o ensino memorístico e repetitivo*.

7.- Un centro que *fomente o traballo en equipo* tanto de alumnos como de profesores.

As **finalidades educativas** deste Centro con respecto ó alumnado son:

1.- Axudarlles a que descubran, co_egan, desenvolvan e melloren tanto as súas propias cualidades como as súas potencialidades físicas, psíquicas, intelectuais, afectivas, éticas e sociais; fomentando a súa creatividade mediante o traballo académico e as actividades extraescolares e culturais.

2.- Capacitalos para que, responsable e libremente poidan tomar decisións persoais para que desenvolvan e exerzan o seu sentido crítico.

3.- Inculcarlles que actúen a favor do diálogo, a comprensión, a xustiza, a igualdade e a conservación da natureza.

4.- Facer que consideren a importancia do esforzo, do traballo e do estudo para que, mediante as diversas áreas e disciplinas, vaian madurando como persoas formadas intelectualmente, e responsables ante os seus compromisos sociais.

5.- Estimulalos a aprender a pensar, a pensar e a aprender a aprender. Todo iso, inmerso no su propio contexto: persoal, familiar, da comunidade educativa á que pertencen e do seu entorno social máis próximo.

6.- Fomentar que sexan capaces de face-la súa propia autoavaliación e chegar a conformar esquemas persoais válidos que lles permitan afrontar no futuro situacións análogas.

Tomando como base os rasgos e finalidades anteriormente descritos, formúlanse os seguintes **obxectivos xerais**:

1.- Favorece-la convivencia entre alumnos/as de distintas etapas educativas con idades cronolóxicas moi dispares.

2.- Desenvolve-la capacidade de autoestima fomentando a seguridade e confianza en si mesmos gracias a unha educación no respecto ás diferencias e na valoración positiva e enriquecedora da variedade.

3.- Garanti-la escolarización nas mellores condicións posibles dos alumnos/as con necesidades educativas especiais.

4.- Fomenta-la orixinalidade e creatividade dos alumnos/as.

5.- Utiliza-la educación física mailo deporte como lecer e como medios para favorece-lo desenvolvemento persoal.

6.- Co_ecer e aprecia-lo noso patrimonio artístico, cultural e medioambiental contribuíndo activamente á súa conservación e mellora.

7.- Fomenta-lo respecto e coidado do entorno empezando polo propio Centro.

8.- Favorece-lo diálogo mailo debate entre posturas dispaes, estimulando en todo momento o exercicio da reflexión e análise.

9.- Favorecer e promover tódalas actividades que incidan directamente na calidade do ensino.

10.- Lograr que os pais se sintan partícipes na educación dos seus fillos.

11.- Avaliar sistemáticamente o funcionamento do Centro e emprega-los resultados para orientar futuras actuacións.

12.- Facilitar que os alumnos creen e desenvolvan as súas propias organizacións, asumindo responsabilidades nas tarefas colectivas.

13.- Erradica-lo dogmatismo e as posturas intolerantes.

14.- Proporcionarlles ós alumnos/as un ensino e uns criterios de valoración que lles permitan vivir no mundo de hoxe e adaptarse ó mundo futuro.

15.- Garanti-la formación necesaria ó alumno/a, que o capacite para o desempe_o cualificado dun traballo, proporcionándolle ó mesmo tempo unha formación polivalente que permita a súa adaptación ós cambios que poidan producirse ó longo da súa vida laboral.

16.- Impulsa-la participación activa de tódolos compo_entes da Comunidade Educativa na xestión democrática e transparente do Centro.

17.- Asumi-lo papel de centro de referencia para a formación profesional dos traballadores nunha ampla zona, que abarca o Concello de Guitiriz e a súa comarca, incidindo especialmente nos sectores turístico e agrario.

Os obxectivos xerais das etapas educativas que imparten no Centro e que están detallados no Proxecto Curricular adecúanse perfectamente ó contexto e obxectivos xerais do I.E.S. definidos neste Proxecto Educativo.

ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.

Tendo en conta os recursos e características propias do noso Centro, deberanse concretar alomenos os seguintes aspectos:

- a) a organización práctica da participación de tódolos membros da comunidade educativa.
- b) normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.
- c) canles de coordinación entre os órganos de goberno e xefes de departamentos, titores, equipo de normalización lingüística, coordinador de formación en centros de traballo, etc.
- d) organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.
- e) organización e normas para o correcto uso dos espazos e instalacións do instituto.
- f) funcionamento dos servizos educativos do centro.

A plasmación detallada de todos eles atópase no Regulamento de Réxime Interior que figura como anexo deste Proxecto Educativo.

OFERTA EDUCATIVA DO I.E.S. DE GUITIRIZ

A Rede de Centros da Ensinanza Obrigatoria e o Proxecto de Rede de Centros de Ensinanza Postobrigatoria dese_aron a oferta educativa provisional no noso Centro como segue:

- 8 unidades de E.S.O.
- 1 Bacharelato de Ciencias da Natureza e da Saúde
- 1 Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais
- 1 Ciclo Formativo de Grao Medio de Xestión Administrativa
- 1 Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración e Finanzas.
- 1 Programa de Garantía Social modalidade A: Soldadura e Construcións metálicas.
- 1 Programa de Garantía Social modalidade B (Programa de Iniciación Profesional).

Desta oferta e seguindo as previsións do último calendario vixente de implantación da Reforma Educativa, e tendo en conta a anticipación dos Ciclos Formativos, rematouse a implantación total co seguinte calendario:

- | | |
|-----------------------|-------------------|
| - 4º da E.S.O. | Curso 1999-2.000 |
| - 1º dos Bacharelatos | Curso 2.000-2.001 |
| - 2º dos Bacharelatos | Curso 2.001-2.002 |

Os Centros adscritos ó noso Instituto son o C.E.I.P." Lagostelle " de Guitiriz mailo C.E.I.P. "Santo Estevo de Parga", polo que a influencia territorial que nos atribue a Rede de Centros abarca exclusivamente o Concello de Guitiriz.

Tradicionalmente un número de alumnos-as significativo dos Concellos de Friol, Begonte, Xermade e Aranga cursan estudos no noso Centro.

A construción dun Centro Público Integrado en Friol, a adscrición dos alumnos dos concellos de Begonte, Xermade e Aranga a centros de Ensino Secundario de Rábade, Vilalba e Betanzos respectivamente, non impediu que de xeito excepcional a Administración Educativa autorizara a posibilidade de cursar estudos no noso Centro ós/ás alumnos-as do concello coru_és de Aranga, representando histórica e actualmente un 10% do total do alumnado.

FORMAS DE COLABORACIÓN CON INSTITUCIONES E EMPRESAS

Sendo consecuentes co exposto nos obxectivos xerais, o I.E.S. promove a inserción no medio buscando unha palataforma de colaboración e socialización.

Catro li_ as fundamentais de actuación plasman a colaboración do I.E.S. con empresas e institucións:

_ A Formación en Centros de Traballo (FCT) dos alumnos do Centro, cunha resposta extraordinaria e un contacto moi continuado no tempo. Tres concellos, empresas das cidades de Lugo e A Coru_a, do polígono industrial de Rábade, tódalas empresas grandes do noso Concello, a Asociación de Empresarios, incluso o Sergas, dan unha idea da magnitude deste programa. Xúntase relación completa das institucións e empresas con concerto en vigor.

_ O Concello de Guitiriz aparte da súa representación institucional no Consello Escolar, colabora na organización do servizo de Transporte Escolar mediante a regulación pola Policía Local da chegada ó Centro dos alumnos, se_alización vertical, aportación de mapas, etc. É de destacar que non factura ó Centro o servizo de auga corrente e recollida de lixo.

_ En temas transversais do currículo e actividades complementarias e extraescolares colaboramos activamente co SERGAS (educación sexual e drogadicción), coa APA do Centro (actividades extraescolares polas tardes nas instalacións do ximnasio) e coa Federación de APAS da Terra Chá en programas medioambientais financiados pola Unión Europea.

PLAN DE ACTUACIÓN PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO

PROXECTO EDUCATIVO.

Os obxectivos xerais plasmados no presente Proxecto Educativo son, por definición, "obxectivos tendencia" o que implica que a súa consecución total sexa a longo prazo, e logo dunha planificación de actuacións detallada, reversible e medible.

Nesta planificación pódese botar en falta a priorización pero entendemos que hai factores moi variables que lle poden afectar como

- Necesidade
- Urxencia
- Importancia
- Nivel de consenso no Centro
- Facilidad de consecución nun momento dado

e polo tanto optamos por priorizar as tarefas e actividades concretas na Programación Xeral Anual e no plan de actuacións que se expón a continuación:

RESPECTO DO ENTORNO.-

- Utilización dos recursos paisaxísticos, medioambientais e do patrimonio histórico-artístico do concello e comarca, promovendo actuacións de adecuación, limpeza, catalogación, difusión, conservación, etc.
- Plan de visitas a institucións e empresas mais representativas do entorno.
- Fomento da pertencencia a asociacións culturais do entorno.
- Organización de conferencias, coloquios e debates con científicos e escritores do entorno.
- Obter Convenios de Colaboración para a Formación en Centros de Traballo das empresas, con certo nivel, que se implanten no concello.

RESPECTO DOS ELEMENTOS MATERIAIS.-

- Xestionar a posibilidade de facer unha rúa a carón do Centro e converter a Rúa Xermade en unidireccional, co obxectivo de que o transporte escolar se achegara a porta principal.
- Regular o aparcamento dentro do recinto escolar.
- Conseguir dotación orzamentaria para realizar obras que permitan aulas de maior capacidade.
- Dotación de espazo físico e medios didácticos para unha aula específica de idiomas.
- Renovación e ampliación de equipos informáticos e audiovisuais.
- Elevar a porcentaxe de utilización das instalacións respecto a súa capacidade.

- Permitti-la utilización das instalacións as institucións e asociacións do concello para os fins que lle son propios.
- Mellora-lo mantemento integral das instalacións mediante o incremento da partida orzamentaria de conservación.
- Renovación e incremento do equipamento deportivo.
- Búsqueda de fontes de financiación alleas ó orzamento ordinario da Consellería. (Asistencias técnicas, servicios mediante contraprestación, etc.).
- Obter subvencións e doacións que permitan financia-la totalidade das actividades extraescolares.

RESPECTO DOS ELEMENTOS PERSOAIS.-

- Facilitar organizativamente e po_er tódolos medios e instalacións a disposición do profesorado para a súa formación permanente no Centro.
- Detectar e evita-la ocasional falta de motivación na Comunidade Educativa.
- Potencia-la participación activa do alumnado nas conmemoracións e actividades extraescolares.
- Máxima difusión das normas de convivencia.
- Loitar contra o absentismo nos procesos electorais do Centro.
- Fomenta-la participación activa nos órganos colexiados.
- Intenta-la posta en marcha dunha Escola de Pais (presentes e futuros).

RESPECTO DA XESTIÓN.-

- Reivindica-la ampliación da oferta educativa do Centro e da súa área xeográfica de influencia.
- Adxunta-la documentación necesaria coa orde do día dos órganos colexiados para unha toma de decisións reflexiva.
- Publicación dos acordos dos órganos colexiados.
- Control eficaz da execución do orzamento e informe periódico do estado de contas e xustificación das desviacións.
- Defensa dos proxectos de xestión do Centro e preferencia pola situación negociada fronte a estricta aplicación das normas.

- Elaboración dun manual de procedemento para a elaboración e presentación dos documentos administrativos de orden interno do Centro.
- Evalúanse os programas e proxectos que desenvolve o Centro en tódalas súas fases: elaboración, aplicación, resultados, impacto, etc.
- Velar para que os obxectivos xerais das distintas etapas educativas plasmadas no Proxecto Curricular, adaptense os obxectivos xerais do Centro enunciados neste Proxecto Educativo.
- Prima-los proxectos coordinados e as actuacións colectivas fronte as iniciativas individuais no traballo docente.
- Máxima difusión dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación das programacións didácticas das áreas e materias.
- Control do grado de cumprimento das programacións e das medidas adoptadas en caso de disfuncións.
- Aplicación do plan de acción tutorial e de orientación académica e profesional.
- Avaliación periódica de tódolos proxectos de xestión.

RELACIÓN DE EMPRESAS E INSTITUCIÓNS COLABORADORAS NA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO.

Relación de empresas e entidades coas que manteñen o centro convenio de colaboración no presente curso 2002/2003; que por diversas razóns están dispostas a colaborar co centro para desenvolver actividades prácticas de carácter formativo.

EMPRESA	CONCELLO
TALLERES VAMO, S.L.	<i>Guitiriz</i>
RECAMBIOS INFRA, S.L.	<i>Lugo</i>
RECAMBIO FRAIN, S.L.	<i>Lugo</i>
PASTELERIA-CAFETERIA NIMBOS S.L	<i>Guitiriz</i>
FUNDACIÓN HOSPITAL ASILO	<i>Vilalba</i>
CADENA CIEN	<i>Guitiriz</i>
FUNERARIA AMBULANCIAS LUIS IGLESIAS, S.L.	<i>Rabade</i>
INMAGAS GAYOSO, S.L.	<i>Guitiriz</i>
ALUMINIOS LOSADA	<i>Begonte</i>
CIDEGA-INOX, S.A.L.	<i>Lugo</i>
TALLERES PARDIÑAS	<i>Guitiriz</i>
REPARACIONES Y MANTENIMIENTO LONGARELA, S.A.L.	<i>Guitiriz</i>
SUGANA, S.L.	<i>Sobrado dos Monxes</i>
AGROTINO	<i>Guitiriz</i>
PELUQUERÍA ZALOIS	<i>Guitiriz</i>
PELUQUERÍA MARÍA	<i>Xermade</i>
AGRÍCOLA CASTELLANA. S.L.	<i>Aranga</i>
AGRÍCOLA PARDIÑAS, S.L.	<i>Guitiriz</i>
ASESORIALABORAL-FISCAL-LABORAL	<i>Lugo</i>
ASESORIA FISCAL ALF BETANZOS, S.L.	<i>Betanzos</i>
ASESORIA LABORAL MARTUL	<i>Guitiriz</i>
ASESORIA PILAR FERNADEZ MIRAGAY	<i>Guitiriz</i>
ASPNAIS	<i>Lugo</i>
CAIXA GALICIA	<i>Guitiriz</i> <i>Friol</i> <i>Guitiriz</i> <i>Begonte</i>

CALVO ASESORES, S.L	<i>Guitiriz</i>
CARPINTERÍA METALICA SERMAN,S.L.	<i>Guitiriz</i>
CARREFOUR	<i>Lugo</i>
CENTRO DE SAUDE DE	<i>Guitiriz</i>
COMERCIAL FRAVER S.L.	<i>Guitiriz</i>
CONCELLO DE FRIOL	<i>Friol</i>
CONCELLO DE CURTIS	<i>Curtis</i>
CONCELLO DE ARANGA	<i>Aranga</i>
CONCELLO DE BEGONTE	<i>Begonte</i>
CONGELADOS TROULO	<i>Rabade</i>
COOPERATIVA XERTIRIZ	<i>Xermade</i>
DRAGADOS Y CONSTRUCCIONES	<i>A Coruña</i>
ELECTRICIDAD GITEC	<i>Guitiriz</i>
ERIMSA	<i>Begonte</i>
EULEN S.A.	<i>A Coruña</i>
EXTENSIÓN AGRARIA	<i>Guitiriz</i>
GESTORIA PRESAS	<i>Ferrol</i>
INGEMARGA S.A.	<i>Guitiriz</i>
INOXIDABLES DE RABADE	<i>Rabade</i>
MUEBLES FLORENTINO	<i>Guitiriz</i>
PIENSOS BESTEIRO	<i>Guitiriz</i>
POLINOX GALICIA S.L.	<i>Rabade</i>
PROYECTOS SERINCA, S.L.	<i>Lugo</i>
SERVICIOS TEIXIDO	<i>Guitiriz</i>
TALLER ALUMINIO Balsa S.L.	<i>Guitiriz</i>
TALLERES VAMO S.L.	<i>Guitiriz</i>
TALLERES LEIJA S.L.	<i>Guitiriz</i>
TIVAIGASA	<i>Guitiriz</i>
TORNEIRO S.A.	<i>Lugo</i>
UTECO	<i>Lugo</i>
ZOONORT, S.L.	<i>Pol</i>

